

Por un importe de 60.000€

## **REPSOL E O CONCELLO DE ARTEIXO ASINAN UN CONVENIO PARA A FORMACIÓN DOS CORPOS DE SEGURIDADE DO MUNICIPIO**

- **O convenio servirá para que os 36 membros de policía local e protección civil melloren a súa formación en seguridade e emerxencias.**

O director da Refinería Repsol A Coruña, Luís Felipe Llamas, e o Alcalde do Concello de Arteixo, Carlos Calvelo, asinaron na mañá de hoxe un convenio de colaboración entre ambas as entidades que permitirá aos corpos de seguridade do municipio implementar a súa formación en emerxencias.

O acordo, cunha dotación de 6.000€, permitirá que os 27 policías locais de Arteixo e os 9 membros do seu equipo de protección civil beneficiense de 6 cursos específicos, que levarán a cabo ao longo do presente ano 2017.

Coordinación ante grandes aglomeracións, actuación fronte a sinistros, transporte de mercadorías perigosas, atmosferas explosivas, e uso de desfibrilador básico e avanzado son os contidos destes cursos, aos que accederán os 36 membros dos corpos de seguridade de Arteixo.

Segundo explica D. Luís Llamas, director da Refinería de Repsol A Coruña “este convenio repercutirá nunha mellor formación dos profesionais do Concello de Arteixo, algo que redundará o beneficio de toda a cidadanía, e mellorará a seguridade dentro do municipio”.